



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Análise audiovisual	Código	616G01021	
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Formoso Barro, María Josefa	Correo electrónico	m.formoso@udc.es	
Profesorado	Formoso Barro, María Josefa	Correo electrónico	m.formoso@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia afonda nas diversas teorías e técnicas existentes no eido da información e a comunicación para ofrecer unha base sobre a que artellar a análise profesional de calquera obra audiovisual.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comunicar mensaxes audiovisuais.
A4	Investigar e analizar a comunicación audiovisual.
A5	Coñecer as teorías e a historia da comunicación audiovisual.
A6	Coñecer o sector audiovisual: a oferta e as audiencias.
A11	Coñecer as metodoloxías de investigación e análise.
A12	Coñecer os principais códigos da mensaxe audiovisual.
B9	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C1	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C2	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C3	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C4	Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a estrutura interna da mensaxe informativa e da mensaxe persuasiva.	A11		
	A12		
Coñecer as estratexias de manipulación e desinformación.	A1	B9	C1
	A4		C2
	A5		C3
	A6		C4
	A12		
Coñecer as metodoloxías de análise das mensaxes audiovisuais e a influencia nos medios audiovisuais.	A4	B9	C3
	A5		
	A6		
	A11		
	A12		

Contidos



Temas	Subtemas
1. Metodoloxías de análise de mensaxes audiovisuais.	Principais teorías da comunicación e da información. Perspectivas dende as que se realiza a análise audiovisual. Análise retórico, discursivo, narrativo e semiótico dos produtos audiovisuais de entretemento.
2. Metodoloxía de análise da mensaxe informativa	Análise retórico, discursivo, narrativo e semiótico dos produtos audiovisuais informativos.
3. Análise do produto persuasivo	Análise retórico, discursivo, narrativo e semiótico dos produtos audiovisuais persuasivos.
4. Estratexias de manipulación e desinformación.	Análise crítica de estratexias de manipulación e desinformación.
5. Crítica audiovisual.	Interrelación da crítica con outras disciplinas de análise audiovisual.
6. Influencia dos medios audiovisuais.	Análise ético do produto audiovisual. Responsabilidade ética do creador de produtos audiovisuais informativos, persuasivos e de entretemento.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A4 A5 A6 A11 A12 B9 C1 C2 C3 C4	22	61	83
Proba mixta	A1 A4 A5 A11 A12 C2 C3 C4	3	0	3
Análise de fontes documentais	A1 A4 A5 A6 A11 A12 B9 C1 C2 C3 C4	21	41	62
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto ás primeiras, recolle preguntas abertas de desenvolvemento; as segundas, poden combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, artigos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a súa análise.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Sesión maxistral	Previa cita vía mail

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A1 A4 A5 A11 A12 C2 C3 C4	Proba que integra preguntas de ensaio e preguntas obxectivas. En canto ás primeiras, recolle preguntas abertas de desenvolvemento; as segundas, poden combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.	30
Análise de fontes documentais	A1 A4 A5 A6 A11 A12 B9 C1 C2 C3 C4	Probas de análise de diferentes documentos audiovisuais segundo as indicacións do enunciado propuesto pola docente. Traballos individuais e traballos en grupo.	70

Observacións avaliación

Dado que é unha materia eminentemente práctica, o peso maioritario desta recae, sobre todo, nos traballos realizados polo alumnado. O 30% da avaliación total procede da proba obxectiva sobre a teoría impartida nas clases que pode incluír tamén aplicación práctica. O 70% restante responde á avaliación das prácticas realizadas en clase (individuais/en grupo)

Para superar a materia é necesario aprobar os traballos prácticos plantexados na clase e aprobar a proba obxectiva.

Alumnado con dispensa académica, segunda oportunidade e convocatoria de decembro

O alumnado con dispensa académica será evaluado en función dos mesmos criterios.

No caso de suspender, a avaliación na segunda oportunidade e convocatoria extraordinaria será idéntica.

Plaxio

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Os/as alumnos/as deberán consultar semanalmente o Campus Virtual (Moodle), pois será o espazo a través do cal se lles comunicará toda a información necesaria sobre a materia: documentos, avisos e calificacións.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - WATZLAWICK, Paul (1994). ¿Es real la realidad?. Barcelona: Herder - SÁNCHEZ NORIEGA, José Luis (1997). Crítica de la seducción mediática. Madrid: Tecnos - KAPFERER, Jean-Noël (1989). Rumores. Plaza y Janés - Igartua Perosanz, Juan José (2006). Métodos cuantitativos de investigación en comunicación. Bosch - Gutiérrez San Miguel, Begoña (2006). Teoría de la narración adiovisual. Madrid: Cátedra - Herrero, Julio César (Ed.) (2009). Manual de Teoría de la Información y de la Comunicación. Madrid: Universitas - Bordwell, David (2002). El arte audiovisual: una introducción. Barcelona: Paidós Ibérica - VILCHES, Lorenzo (1989). Manipulación de la información televisiva. Barcelona: Paidós - JACQUARD, Roland, (1988). La Desinformación: una manipulación del poder . Madrid Espasa Calpe
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Torres, Pep (2011). EL ARTE DEL RUIDO. BARCELONA: PLATAFORMA EDITORIAL - (1999-2006). EL ALA OESTE DE LA CASA BLANCA. - (1989-2011). LOS SIMPSON. - KAREL, WILLIAM (2002). OPERACIÓN LUNA. - LASSETER, JOHN (1995). TOY STORY. - WILDER, BILLY (1974). PRIMERA PLANA. - JOSEPH, PETER (2007). ZEITGEIST, LA PELÍCULA. - FERGUSON, CHARLES (2010). INSIDE JOB. - Docter, Peter (2009). UP. - Reitman, Jason (2005). Gracias por fumar.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Dirección de Fotografía: Cámara e Iluminación/616G01022

Teoría e práctica da edición e a montaxe/616G01023

Infografía 3D-1/616G01024

Deseño de Producción e Dirección Artística/616G01025

Materias que continúan o temario

Observacións

Non hai comentarios

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías